

ACTA DA MESA DE CONTRATACIÓN DO 17 DE ABRIL DE 2017

Na Sala de reunións do Servizo de Contratación da Casa do Concello de Vigo, ás 10:10 horas do día 17 de abril de 2017, reúnese a Mesa de Contratación do Concello de Vigo convocada polo presidente o 11 de abril, para tratar os asuntos da orde do día que figuran na convocatoria.

Asisten á reunión da Mesa de Contratación:

- Presidente:** D. David Regades Fernández
- Vocais:** D^a. Susana García Álvarez
D^a. Catalina Alfayate Rodríguez
D. José Riesgo Boluda
D^a. María José Loureiro Bada (asiste ao punto 6a)
- Secretaria:** D^a. Ángela Fernández López

Aberta a sesión polo Sr. presidente procédese a tratar os puntos incluídos na orde do día:

1.- Aprobación de actas

a) Acta da sesión do 7 de abril de 2017

Apróbase a acta da sesión do 7 de abril de 2017 cos votos de D. David Regades Fernández, D^a. Susana García Álvarez e D^a. Catalina Alfayate Rodríguez.

6.- Dar conta da existencia de ofertas con valores anormais ou desproporcionados

a) Procedemento aberto para a contratación dos servizos de mantemento integral das instalacións de calefacción e auga quente sanitaria nos colexios públicos de Vigo (17.563-332)

Entrégase o informe asinado pola xefa do Servizo de Educación do 7 de abril de 2017, sobre as ofertas que conteñen baixas con valores anormais ou desproporcionados. Advertido erro no título do informe, entrégase durante a sesión informe de data 17 de abril de 2017, que rectifica o anterior. Á vista deste informe, a Mesa de Contratación, acorda iniciar o procedemento previsto no artigo 152 do TRLCSP cos licitadores que se relacionan a continuación por conter as súas ofertas valores anormais ou desproporcionados, concedéndolles un prazo de tres días para xustificar as súas ofertas:

1. SERVICIOS INTEGRALES DE GESTIÓN Y MANTENIMIENTO, S.A. (MANTOTAL)
2. IAM RUMBO INSTALACIONES Y OBRAS, S.L.

Non tendo máis asuntos que tratar, o presidente declara finalizada a sesión ás 10:12



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 05/05/2024 08:58	Páxina 1 de 2
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A8A54C-C93E4E-5ADA27-CELMZD-R95HK3-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

horas. De todo o tratado eu secretaria dou fe.

O presidente da Mesa de Contratación
(sinatura dixital)

A secretaria da Mesa de Contratación
(sinatura dixital)



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 05/05/2024 08:58	Páxina 2 de 2
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A8A54C-C93E4E-5ADA27-CELMZ-R95HK3-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		